



Dona Consuelo Besada Lores, con D.N.I. 76802898X como secretaria do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

CERTIFICA:

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 22 de xuño de 2021, con quórum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto segundo da orde do día:

PUNTO 1º: Revisión da proposta definitiva de aprobación de proxectos presentados á primeira convocatoria de axudas da anualidade 2021 logo da segunda devolución.

A xerente da conta da segunda devolución da proposta de aprobación de proxectos pola Consellería do Mar con incidencia en diferentes proxectos que foi remitida a todos os membros das Xunta Directiva xunto coa convocatoria da reunión. A devolución da proposta fai referencia aos diferentes expedientes que a continuación se abordan de xeito independente.

Expedientes promovidos polo Concello de Pontevedra (GALP 6 – 182, GALP 6 – 183, GALP 6 – 185, GALP 6 – 186 e GALP 6 – 187):

Logo de analizado o documento e revisados os aspectos sinalados no mesmo, a xerencia elaborou un informe que se remitiu ao asesor legal para o seu ditame que aínda non foi recibido. A Xunta Directiva acorda facultar á presidenta para a revisión da proposta de aprobación de axudas do GALP no sentido que se indique no informe xurídico.

Expediente promovido polo Samia Bemsalim Bouraika (GALP 6 – 184).

Na devolución da proposta faise referencia á que o certificado de non débedas achegado pola solicitante non é un documento íntegro que permita a súa verificación. Requirido á promotora foi achegado esta mañá polo que se entende subsanada a incidencia e mantense o proxecto na proposta de aprobación.

Ademais destes expedientes citados na devolución da proposta, nestes días se están facendo comprobacións e revisión das propostas de aprobación e se atoparon erros de cálculo nalgunha das resolucións individuais que acompañan á proposta global do Grupo e noutras ocasións se detectaron erros na proposta publicada que cómpre subsanar, coma os seguintes:

- **GALP 6 – 175:** Cómpre emendar a diferenza entre proposta individual e a proposta definitiva da Xunta Directiva. A diferenza deriva de que na proposta individual colleuse o importe do vehículo máis económico mais non se modificou na proposta definitiva que debe enmendarse de forma que a axuda resultante é a seguinte:



Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Vehículo isoterma	21.818,18	S	9.818,18	Porcentaxe aplicada á oferta máis económica presentada
Báscula	1.050,00	S	472,50	
IVE	4.802,32	N		Imposto
Total	27.670,50	22.868,18	10.290,68	

- **GALP 6 – 176:** Aclaración sobre diferencia entre proposta individual e a proposta definitiva da Xunta Directiva.

Debe adaptarse a proposta de resolución individual á solicitude de axuste orzamentario realizado polo promotor que non quedou correctamente recollida na proposta de aprobación publicada pola Xunta Directiva na data do 22 de xuño de 2021 que agora se enmenda.

Anualidade 2021:

Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Construcción cabanas	290.779,98	S	116.311,99	
Honorarios Proxecto técnico	12.800,00	N	0,00	Gasto anterior á solicitude
selección personal	2.500,00	N	0,00	Non é investimento
Formación personal	2.500,00	S	1.000,00	
Tutorización estratéxica	4.480,00	S	1.792,00	
IVE	63.751,80	N		
Total	376.811,78	297.759,98	119.103,99	

Anualidade 2022:



Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Construcción cabanas	158.771,44	S	63.508,58	
Honorarios Proxecto técnico	9.600,00	N	0,00	Gasto anterior á solicitude
Dirección obra	9.600,00	S	3.840,00	
Mobiliario	21.740,00	S	8.696,00	
Implantación Q calidade	4.900,00	S	1.960,00	
IVE	40.952,40	N	0,00	Imposto recuperable
Total	245.563,84	195.011,44	78.004,58	

- **GALP 6 – 190:** Informe sobre o investimento nunha nova web non é unha reposición da xa existente. Enviarase aclaración á Consellería.
- **GALP 6 – 196:** Aclaración sobre diferenza entre proposta individual e a proposta definitiva da Xunta Directiva. Cómpre facer unha rectificación da proposta xa que os honorarios técnicos subvencionables son sómente os correspondentes á dirección de obra e non ao proxecto. Deste xeito os importes financiáveis quedarían como segue. Os importes das anualidades figuran no Anexo I.

Importe total da operación	873.031,26 €		
Importe total subvencionable/ Porcentaxe de cofinanciamento	Importe subvencionable	% da Subvención	
	474.291,51 €	40%	
Importe privado	284.574,91 €		
Importe da subvención concedida (Público)	TOTAL	85% FEMP	15% Nacional
	189.716,60 €	161.259,11 €	28.457,49 €
Proxecto de cooperación (SI/NON)	NON		

Áo reducirse o importe subvencionable se altera tamén a porcentaxe de axuda que se achega ao valor correspondente por puntuación, antes minorado para axustar o importe da axuda ao máximo de 200.000,00 €.

Polo tanto, feitas as modificacións e achegas de documentación procedentes que se recollen neste acordo, procederase a modificar a proposta de resolución definitiva de aprobación de proxectos segundo se recolle no Anexo 1 que se redactará con estas indicacións.

- **GALP 6 – 198:** Aclaración sobre diferenza entre proposta individual e a proposta definitiva da Xunta Directiva. Non se atopa tal diferenza. Solicitarase aclaración.
- **GALP 6 – 206:** Dende a Consellería se solicita informe sobre factura proforma que parece no corresponder a conceptos equivalentes respecto das outras dúas presentadas.
- **GALP 6 – 207:** Informe sobre o investimento nunha nova web non é unha reposición da xa existente.
- **GALP 6 – 210:** Aclaración sobre diferenza entre proposta individual e a proposta definitiva da Xunta Directiva. Cómpre facer unha rectificación da proposta xa que debe realizarse un axuste de orzamento subvencionable na primeira anualidade que figura erróneo no Anexo I da proposta definitiva. Na proposta anterior incorporouse como subvencionable o importe conxunto de web e redes sociais, cando o mantemento destas últimas non pode ser considerado investimento senón gasto e exclúese do importe subvencionable. Deste xeito os importes financiábles quedarían como segue:
Anualidade 2021:

Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Bicicletas	50.000,00	SM	20.537,55	oferta máis económica
Hinchable playa	40.099,17	N	0,00	Falta viabilidade
Proyecto	3.000,00	N		
Material comunicación	600,00	S	270,00	
Páxina web	1.225,50	S	551,48	
redes sociais	2.600,00	N	0,00	Gasto
IVE	20.480,18	N	0,00	Imposto recuperable
Total	118.004,85	47.464,50	21.359,03	

Anualidade 2022:



Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Furgón transporte	23.966,94 €	S	10.785,12	
Hinchable playa	38.000,00	N	0,00	Falta viabilidade
Proyecto	2.000,00	N	0,00	Gasto previo á solicitude
Material comunicación	600,00	S	270,00	
Páxina web	924,50	S	416,03	
redes sociais	1.025,50	N	0,00	Gasto
IVE	13.968,56	N	0,00	Imposto recuperable
Total	80.485,50	25.491,44 €	11.471,15	

Facúltase á presidenta para emenda destes erros advertidos e doutros que poidan atoparse sempre que non supoñen unha alteración da valoración do expediente nin da porcentaxe de axuda concedida así como dos acordos previos da Xunta Directiva senón soamente se deban a corrección de erros así como para a publicación da modificación da proposta de aprobación de axudas unha vez se teña o informe xurídico e no sentido que este marque para os proxectos afectados.

A Xunta Directiva acorda que, unha vez se conte co informe xurídico, publicárase a proposta modificada de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/e> e na do GALP coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Marín a 22 de xullo de 2021.

Vº Bº da presidenta,

Dona Consuelo Besada Lores

Dona María del Carmen Vázquez Nores